

Poboación


O 30.10.2020 o Instituto Nacional de Estatística (INE) realizou unha serie de modificacións no seu calendario de disponibilidad de estatísticas, modificacións que afectan á publicación das *Cifras de Población* que o INE difunde con carácter semestral. Logo de ditos cambios, a difusión dos datos de carácter provisional correspondentes a 2020, pospúxose ata o mes de decembro de 2021 (A publicación dos datos do primeiro semestre de 2020 estaba prevista orixinalmente para a primeira quincena deste mes de xaneiro, e a publicación dos datos provisionais do ano 2020, para a primeira quincena de xuño de 2021). Segundo se recolle na nota achegada polo INE, “A reprogramación de tarefas nas estatísticas de nacementos e defuncións producida pola pandemia de Covid-19 afecta á elaboración de todas as estatísticas demográficas”.

Produto interior bruto

Variación interanual porcentual do PIB (índices de volume encadeados, referencia ano 2010=100. Datos corrixidos de estacionalidade e calendario) Galicia-España 2015-2020

	% (T/T-4)	2015	2016	2017	2018	2019	1T15	2T15	3T15	4T15	1T16	2T16	3T16	4T16	1T17	2T17	3T17	4T17	1T18	2T18	3T18	4T18	1T19	2T19	3T19	4T19	1T20	2T20	3T20
Galicia		2,8	3,3	2,3	2,2	1,8	1,9	2,7	2,7	3,7	3,7	3,7	3,4	2,8	2,4	2,2	2,2	2,2	2,3	2,3	2,0	2,1	1,9	1,7	1,7	1,8	-3,6	-17,9	-8,2
España		3,8	3,0	2,9	2,4	2,0	2,9	3,4	3,6	3,8	3,8	3,5	3,2	2,3	2,9	3,1	2,9	3,1	2,8	2,3	2,2	2,1	2,2	2,0	1,9	1,8	-4,1	-21,5	-9,0

Fuentes: INE (Contabilidade Nacional Trimestral), IGE



Tal e como se pode apreciar no Gráfico 1, logo da caída sen precedentes do PIB que tivo lugar no segundo trimestre de 2020, o remate do Estado de Alarma e o conseqüente levantamento das restricións á mobilidade fixo que o PIB galego incrementouse en 14,6% puntos porcentuais, de novo un rexistro superior a calquera outro da serie histórica. Este dato fai que a redución interanual do PIB galego pase a ser do -6,2%, case tres puntos porcentuais menor que a redución que tivo lugar a nivel estatal, que acadou o -9% logo de que o seu crecemento intertrimestral fose dun 16,4%.

O avance do PIB estatal para o derradeiro trimestre de 2020 prevé unha subida de 0,4 puntos porcentuais en termos intertrimestrais que, en termos interanuais, suporía que o PIB estatal interanual manteríase sen apenas cambios respecto do dato do terceiro trimestre, xa que a redución do PIB interanual neste trimestre fícaría, de cumprirse o previsto no avance, no -9,1%.

Poboación activa, paro rexistrado, contratación, afiliación á Seguridade Social

Valores Poboación Activa Galicia-España, 4º Trimestre 2020

	Trimestre actual	Variación trimestre anterior		Variación mesmo trimestre ano anterior	
		Diferencia	Porcentaxe	Diferencia	Porcentaxe
Galicia	1.223,5	-3,9	-0,3	-18,2	-1,5
España	23.064,1	164,3	0,7	-94,7	-0,4

Fuente: Encuesta de Población Activa - INE (datos en miles)

personas (-1,5%) mentres que en España a poboación activa reduciuse nos últimos doce meses en -94.700 persoas, co cal reduciuse o -0,4%. Tanto en Galicia como no conxunto de España as diminucións interanuais de poboación activa rexistradas son menores que as que se rexistraron na pasada edición da EPA, no caso de España, de xeito moi significativo, pois dita caída da poboación activa reduciuse á metade en termos porcentuais.


Pola súa banda, o número de persoas ocupadas reduciuse en Galicia en -1.600, o que supón un descenso do -0,1%, mentres que en España a ocupación incrementouse nun 0,9% respecto ao trimestre anterior. En termos interanuais a evolución segue a ser negativa, cun descenso da ocupación do -1,4% e -15.000 persoas ocupadas. O dato de ocupación para o conxunto do Estado amosa un descenso maior, de -622.600 persoas ocupadas, o -3,1% menos. A taxa de ocupación acadou en Galicia o 46,2% no 3º trimestre, valor inferior en 2,6 puntos porcentuais á taxa de ocupación rexistrada en España no mesmo período, que foi do 48,8%. Para rematar coa análise da EPA do 4º trimestre de 2020, o número de persoas en paro en Galicia ficou en 142.600, reducíndose respecto do trimestre anterior no -1,5% (-2.200 persoas paradas menos) e a taxa de paro rexistrada para Galicia redúcese en pouco máis dunha décima respecto a do 3º trimestre ata no 11,7%, mentres que a rexistrada en España reduciuse en dúas décimas ata o 16,1%, logo de que o paro diminuíse en -3.100 persoas no trimestre, para un total de 3.719.800 persoas.

As distintas edicións do *Boletín mensual do paro rexistrado* publicadas ata o mes de decembro recollen incrementos mensuais no paro rexistrado para outubro e novembro entre o 2,5% e o 3,5%, mentres que en decembro o incremento do paro mensual apenas superou o 1%. En termos interanuais, e logo de que o aumento do paro reducírase mes a mes durante os meses de verán, en outubro alcanzouse un punto de inflexión cun paro rexistrado do mes do 10,4%. A partir dese momento, o paro rexistrado volveu a aumentar, ata chegar ao 14,7% ao remate de decembro.

Paro rexistrado en Galicia por xénero e idade. 4º Trimestre 2020

4T20	Mes actual			variación mes anterior			%variación mes anterior			variación mes ano anterior			%variación mes ano anterior		
	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro
TOTAL	181.307	187.472	189.587	4.733	6.165	2.115	2,7%	3,4%	1,1%	17.000	21.813	24.279	10,4%	13,2%	14,7%
Homes	77.041	80.364	82.349	2.684	3.323	1.985	3,6%	4,3%	2,5%	8.054	10.333	10.683	11,7%	14,8%	14,9%
Mulleres	104.266	107.108	107.238	2.049	2.842	130	2,0%	2,7%	0,1%	8.946	11.480	13.596	9,4%	12,0%	14,5%
<30 anos	26.240	27.519	26.087	1.306	1.279	-1.432	5,2%	4,9%	-5,2%	4.353	5.383	5.297	19,9%	24,3%	25,5%
entre 30 e 44 anos	58.693	61.223	62.587	1.384	2.530	1.364	2,4%	4,3%	2,2%	5.511	7.860	9.031	10,4%	14,7%	16,9%
>44 anos	96.374	98.730	100.913	2.043	2.356	2.183	2,2%	2,4%	2,2%	7.136	8.570	9.951	8,0%	9,5%	10,9%
Agricultura e Pesca	6.672	7.054	7.385	401	382	331	6,4%	5,7%	4,7%	866	993	1.093	14,9%	16,4%	17,4%
Industria	19.048	19.687	20.459	155	639	772	0,8%	3,4%	3,9%	889	1.702	1.880	4,9%	9,5%	10,1%
Construción	13.457	13.733	14.618	116	276	885	0,9%	2,1%	6,4%	731	662	533	5,7%	5,1%	3,8%
Servizos	125.889	130.498	131.281	3.698	4.609	783	3,0%	3,7%	0,6%	12.315	15.974	18.302	10,8%	13,9%	16,2%
Sen emprego anterior	16.241	16.500	15.844	363	259	-656	2,3%	1,6%	-4,0%	2.199	2.482	2.471	15,7%	17,7%	18,5%

Fuente: Boletín mensual de paro rexistrado, Consellería de Economía, Emprego e Industria, Xunta de Galicia



se ben a diferenza entre sexos ao remate do ano acabou por ser de tan só catro décimas (14,9% e 14,5% respectivamente). Por idade, foi especialmente intenso para os menores de 30 anos, para os cales o paro subiu por riba do 25% respecto da situación existente fai doce meses. As persoas de 45 ou máis anos foron as menos afectadas, se ben incluso entre elas o paro rexistrado subiu por riba do 10%. Por sectores de actividade, as persoas sen emprego anterior foron o único grupo no que o paro reduciuse mes a mes en cada un dos meses analizados. Logo de rematado o ano, o paro rexistrado medrou en todos os sectores económicos por riba do 10%, coa notable excepción da construción, un dos sectores máis castigados pola anterior crise, e no cal o paro en 2020 tan só medrou un 3,8%, fronte o 10,1% da industria, e valores entre o 16% e o 19% no resto de sectores.

Logo do rebote na contratación que amosaban as distintas edicións do *Boletín mensual de contratación* para os meses do 3º trimestre de 2020, os datos do 4º trimestre volven a ser negativos, tanto en termos trimestrais (se ben hai que facer notar que esta é a tendencia habitual do 4º trimestre fronte ao terceiro no que atinxe á contratación) como interanuais. O número de contratos cae nun -18% respecto do 3º trimestre e por riba do -26% respecto do último trimestre de 2019, caída interanual case idéntica á que se rexistrou no pasado trimestre.

Datos de contratación en Galicia por xénero, idade, tipo de contrato e sector. 4º Trimestre 2020

	Trimestre actual	Var. trimestre anterior	% Var. trimestre anterior	Var. trimestre año anterior	% Var. trimestre año anterior
4º Trimestre 2020	191.883	-42.085	-18,0%	-68.177	-26,2%
Homes	101.324	-21.768	-17,7%	-31.499	-23,7%
Mulleres	90.559	-20.317	-18,3%	-36.678	-28,8%
<30 anos	56.380	-20.372	-26,5%	-29.514	-34,4%
entre 30 e 44 anos	82.830	-10.598	-11,3%	-24.468	-22,8%
>44 anos	52.673	-11.115	-17,4%	-14.195	-21,2%
Indefinido	17.040	-1.462	-7,9%	-5.327	-23,8%
Temporal	172.260	-41.624	-19,5%	-61.624	-26,3%
Prácticas / Formación	1.774	579	48,5%	-913	-34,0%
Otros	809	422	109,0%	-583	-41,9%
Agricultura e Pesca	6.341	-6.018	-48,7%	-711	-10,1%
Industria	38.227	-2.102	-5,2%	2.572	7,2%
Construción	8.055	-2.146	-21,0%	-975	-10,8%
Servizos	139.260	-31.819	-18,6%	-69.063	-33,2%

Fonte: *Boletín Mensual de Contratación*, Consellería de Economía, Emprego e Industria

por riba do -20%.


Con respecto ao tipo de contrato asinado, os temporais foron os que máis diminuíron respecto do trimestre anterior, case que un -20%, mentres que os indefinidos diminuíron menos dun -8% e os das categorías de prácticas/formación e outros -moito menos numerosos, e polo tanto máis proclives a variacións porcentuais máis extremas- se incrementaron en porcentaxes elevadas. Respecto dos meses finais de 2019, os descensos se dan en todas as categorías, e en todos os casos son superiores ao 20%. A menor caída produciuse entre os indefinidos, que así e todo diminuíron en case un -24%.

Por sectores de actividade, compre sinalar o bo comportamento da contratación no sector industrial, no que o descenso intertrimestral apenas superou o -5% e mesmo medrou por riba dun 7% con respecto aos tres últimos meses de 2019. En todos os demais sectores, e comparando tanto co terceiro trimestre do ano como co cuarto do ano anterior, a contratación diminuíu por riba dos dous dixitos. En termos intertrimestrais, todos descendieron máis do descenso medio, con datos especialmente malos no sector agrícola-pesqueiro, no que a contratación reduciuse case que á metade do trimestre anterior, mentres que con respecto do final de 2019 o único sector que baixou por riba da media foi o sector servizos, no que a contratación reduciuse un terzo respecto da que se producira entón.

Datos de afiliación media á Seguridade Social. Galicia-España, 4º trimestre 2020

	Afiliacións media 3er trimestre 2020			Variacións											
				mes anterior						interanual					
	outubro	novembro	decembro	absoluta	absoluta	absoluta	relativa	relativa	relativa	absoluta	absoluta	absoluta	relativa	relativa	relativa
				outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro
Galicia	1.012.018	1.009.884	1.002.161	219	-2.134	-7.723	0,02%	-0,21%	-0,76%	-15.432	-13.706	-18.098	-1,50%	-1,34%	-1,77%
España	18.990.364	19.022.002	19.048.433	113.975	31.638	26.431	0,60%	0,17%	0,14%	-439.629	-354.876	-360.105	-2,26%	-1,83%	-1,86%

Fonte: IGE Informe de afiliación á Seguridade Social (segundo datos do Ministerio de Empleo e Seguridad Social)



O gráfico 3, no cal os meses correspondentes aos últimos trimestres de cada ano aparecen sinalados en cor laranxa, amosan o mencionado punto de inflexión na tendencia de desaceleración do incremento do paro rexistrado que se iniciou no mes de xullo. Máis aló do feito evidente do incremento do paro rexistrado, o gráfico tamén sinala a diferenza na variabilidade dos datos ao longo de cada ano. Así, nos anos 2018 e 2019, anos nos que o paro se reduciu en termos interanuais cada un dos meses, a diferenza entre os meses de maior e menor incremento ou redución do paro rexistrado foi de 3,2 puntos porcentuais (2018) e 6,6 puntos porcentuais (2019), mentres que en 2020 a diferenza acadou os 23,2 puntos porcentuais.

O incremento interanual do paro rexistrado segue a afectar a todas as categorías: sexo, idade ou sector de actividade.

Por sexo, este incremento afectou máis aos homes que ás mulleres, especialmente intenso para os menores de 30 anos, para os cales o paro subiu por riba do 25% respecto da situación existente fai doce meses. As persoas de 45 ou máis anos foron as menos afectadas, se ben incluso entre elas o paro rexistrado subiu por riba do 10%. Por sectores de actividade, as persoas sen emprego anterior foron o único grupo no que o paro reduciuse mes a mes en cada un dos meses analizados. Logo de rematado o ano, o paro rexistrado medrou en todos os sectores económicos por riba do 10%, coa notable excepción da construción, un dos sectores máis castigados pola anterior crise, e no cal o paro en 2020 tan só medrou un 3,8%, fronte o 10,1% da industria, e valores entre o 16% e o 19% no resto de sectores.

Por sexos, o descenso na contratación está equilibrado en termos intertrimestrais (pouco máis de medio punto porcentual de caída na contratación maior entre as mulleres que entre os homes), pero non así en comparación co 4º trimestre de 2019, cun descenso maior en máis de cinco puntos porcentuais no grupo das mulleres.

O número de novos contratos se reduce para todos os grupos de idade e todos os períodos de referencia. Destaca a caída entre os menores de 30 anos, para os que os novos contratos diminuíron en máis de oito puntos porcentuais respecto a caída media nos contratos asinados, tanto trimestralmente como respecto do mesmo período de 2019. Con respecto ao sucedido doce meses atrás, os novos contratos reducíronse para todos os grupos de idade

Galicia pecha o ano 2020 mantendo a súa afiliación media á Seguridade Social en máis dun millón de persoas. Porén, a evolución porcentual da afiliación media permaneceu todo o trimestre por baixo da media española e o ano remata cunha variación da afiliación media mes a mes nove décimas por baixo da media estatal no mes de decembro. Con todo, cómpre sinalar que a tendencia da afiliación media nestes meses é consistente coa observada neste trimestre en anos anteriores.

En termos interanuais, a afiliación continúa en valores negativos e, tal e como se apreciaba no Gráfico 3, a recuperación que se viña producindo desde o mes de maio en Galicia moderouse nos meses de outubro e novembro e mesmo inverteuse no de decembro. Así, a perda de afiliación en Galicia en 2020 foi dun -1,77%, porcentaxe moi similar á perda en España, onde o descenso foi superior en

pouco menos dunha décima ao galego (-1,68%). Deste xeito, 2020 é o primeiro ano desde o final da pasada crise no que Galicia non ve incrementada a súa brecha en afiliación media á Seguridade Social con respecto de España.

Sinistralidade

Á data de peche deste Boletín, aínda non foron facilitados polo ISSGA datos de accidentes con baixa posteriores aos do 1º trimestre do ano, datos que xa foron recollidos no pasado número do Boletín. O análise da *Estadística de Accidentes de Trabajo* elaborada polo Ministerio de Trabajo e Economía Social non permite facer unha distribución dos accidentes en función da súa gravidade por sectores de actividade, a diferenza do que acontece cos datos que facilita o ISSGA. O que si permite é avaliar a evolución temporal da sinistralidade. Así, tomando como referencia á evolución ata o mes de agosto, último dato facilitado polo Ministerio, e tal e como sería previsible tendo en conta os meses de paralización da actividade derivados da declaración do Estado de Alarma e confinamento, a sinistralidade por accidentes de traballo reduciuse en Galicia nun -24%, tendencia que sempre ven marcada polos accidentes leves, moito máis numerosos, pero que neste caso tamén se ve acompañada nos accidentes graves, que baixan case un -22%. Porén, os accidentes mortais aumentaron no período, pasando de 35 en 2019 a 37 en 2020.

Accidentes con baixa en xornada laboral por gravidade en Galicia (Xaneiro-Agosto 2019-2020)

	Leves		
	2019	2020	% Var
Leves	18.095	13.734	-24,1
Graves	320	250	-21,9
Mortais	35	37	5,7
Total	18.450	14.021	-24,0

Fonte: *Estadística de accidentes de trabajo* Ministerio de Trabajo e Economía Social

Accidentes con baixa en xornada laboral e índices de incidencia por sectores de actividade en Galicia (Xaneiro-Agosto 2019-2020)

	Accidentes con baixa en xornada			Índices de incidencia		
	2019	2020	% Var	2019	2020	% Var
Agric.-pesca	1.425	1.274	-10,6%	342	453	32,6
Industria	5.705	4.367	-23,5%	489	436	-10,9
Construción	2.673	2.138	-20,0%	428	448	4,8
Servizos	8.647	6.242	-27,8%	149	128	-14,4
Total	18.450	14.021	-24,0%	231	217	-6,0

Fonte: *Estadística de accidentes de trabajo* . Ministerio de Trabajo e Economía Social

Por sectores de actividade, obsérvase unha redución do número de accidentes en todos os sectores de actividade, cos accidentes no sector primario ficando por riba do -10% de redución e o resto por riba do -20%, ata chegar ao sector servizos no que a redución de accidentes case chega ao -28%. Os índices de incidencia, pola contra, non amosan a mesma tendencia no seu comportamento, con reducións destacadas na industria e nos servizos, aumento do índice para o caso da construción de preto dun 5% e un incremento de case que un terzo do índice de incidencia dos accidentes con baixa en xornada laboral para os sectores agrícola e pesqueiro

Conflitividade

Folgas realizadas, persoas traballadoras participantes e xornadas non traballadas Galicia-España (Xaneiro-setembro 2020)

	Folgas		Persoas traballadoras participantes		Xornadas non traballadas	
	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior
Galicia	19	-54	5.983	-7.391	12.939	-22.646
España	320	-338	80.943	-138.122	319.128	-285.010

Estadística de huelgas y cierres patronales . Ministerio de Trabajo e Economía Social (datos provisionais - non inclúen folgas xerais)

Estadística de huelgas y cierres patronales segue a recoller a enorme influencia que as restricións de mobilidade e a parada na actividade laboral en moitos sectores produtivos teñen na conflitividade. Pódese ver no baixo dato de folgas en Galicia, tan só catro no terceiro trimestre, e dezanove no que vai de 2020, o que supón que houbo un -74% menos de folgas que as producidas no ano 2019 no mesmo período. A caída do número de folgas en España, aínda que tamén notable, foi menor na súa porcentaxe (-51%). En número de participantes nestas folgas, a caída en Galicia foi do -51% (porcentaxe menor que o do conxunto do Estado, onde o número se reduciu no -63%). Para rematar, o número de xornadas non traballadas tamén está a verse reducido de xeito moi notable, logo de rexistrarse descensos do -64% en Galicia e do -47% en España. De novo, trátase de datos e de circunstancias que, pola súa excepcionalidade, resístense a comparacións significativas co acontecido en anos anteriores

Expedientes de Regulación de Empleo

Seguen sen estar dispoñibles na páxina web da Consellería de Empleo e Igualdade datos relativos a Expedientes de Regulación de Empleo máis actualizados que os xa recollidos en anteriores edicións deste Boletín.

Número de persoas traballadoras afectadas por expedientes de regulación de emprego. Galicia-España (Xaneiro-Outubro 2019-2020)

	TOTAL		DESPEDIMENTOS COLECTIVOS				SUSPENSIÓN DE CONTRATOS E REDUCCIÓN DE XORNADA			
	Valores absolutos	Variación respecto ano anterior		Valores absolutos	Variación respecto ano anterior		Valores absolutos	Variación respecto ano anterior		
		Absolutas	En %		Absolutas	En %		Absolutas	En %	
Galicia	39.098	35.225	910%	382	-1.286	-77%	38.716	36.511	1656%	
España	992.399	921.023	1290%	7.008	-17.599	-72%	985.391	938.622	2007%	

Estadística de expedientes de regulación de empleo . Ministerio de Trabajo e Economía Social

O análise da *Estadística de Expedientes de Regulación de Empleo*, publicada polo Ministerio de Trabajo e Economía Social, recolle datos estatísticos actualizados para os meses de xaneiro a outubro de 2020. Se ben non recolle datos por número de expediente e Comunidade Autónoma que permitan un

cotexo máis directo cos facilitados pola Consellería de Empleo e Igualdade, si que inclúe datos por traballadores afectados e tipo de expediente de regulación de emprego. De todos os xeitos, a entrada en vigor do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19 fai de novo inútil calquera tipo de comparación co sucedido na serie histórica. Aínda que os datos recollidos amosan de novo un incremento notabilísimo dos ERE presentados en España desde o mes de marzo, as porcentaxes dese incremento vense reducidas desde os últimos datos facilitados neste Boletín. Deste xeito, a porcentaxe do incremento de ERE en Galicia redúcese en máis de cen puntos porcentuais, ficando no 910% respecto ao período correspondente de 2019. No caso de España, a redución foi moito maior, pois o incremento de ERE é agora do 1290%, o que supón unha redución de 560 puntos porcentuais respecto ao dato do mes de agosto. Este incremento atinxe exclusivamente aos ERE por suspensión de contratos e redución de xornada (que as estatísticas do Ministerio presentan de xeito conxunto desde o Estado de Alarma e a proliferación de ERTE que lle sucedeu). Os ERE por despedimentos colectivos, pola súa banda, reducíronse no período de referencia tanto en Galicia como en España, e fixérono dun xeito moi similar (nun -77% e nun -72%, respectivamente).

Custos laborais e salariais

Custos laborais e salariais. Galicia. 2015-2020

	Custo laboral por persoa traballadora e mes		Custo laboral por hora efectiva		Custo salarial por persoa traballadora e mes		Custo salarial por hora efectiva	
	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.
2015	2.246,2	-0,7	17,2	0,3	1.649,0	-0,3	12,6	0,8
2016	2.248,3	0,1	17,4	1,3	1.655,0	0,4	12,8	1,5
2017	2.288,9	1,8	17,7	1,4	1.687,4	1,4	13,0	1,6
2018	2.313,2	1,1	17,9	1,3	1.711,5	1,4	13,1	0,8
2019	2.403,1	3,9	18,7	4,2	1.812,2	5,9	13,7	4,6
1T15	2.175,0	0,2	16,1	1,8	1.582,0	0,8	11,7	2,4
2T15	2.249,0	-2,1	16,7	-2,2	1.635,8	-2,2	12,2	-2,2
3T15	2.196,2	-0,4	17,5	-0,2	1.601,9	0,0	12,8	0,2
4T15	2.370,6	-0,3	18,3	1,9	1.775,8	0,4	13,7	2,7
1T16	2.203,1	1,3	16,8	4,3	1.596,2	0,9	12,2	3,7
2T16	2.232,7	-0,5	16,4	-1,9	1.640,6	0,3	12,0	-1,2
3T16	2.213,6	0,8	18,0	2,7	1.624,0	1,4	13,2	3,3
4T16	2.343,7	-1,4	18,3	-0,1	1.759,1	-0,9	13,8	0,1
1T17	2.209,8	0,3	16,1	-4,2	1.610,0	0,9	11,7	-3,6
2T17	2.259,7	1,2	17,1	4,3	1.662,6	1,3	12,6	4,4
3T17	2.258,4	2,0	18,4	2,3	1.651,6	1,7	13,4	2,0
4T17	2.427,6	3,6	19,0	3,8	1.825,5	3,8	14,3	4,0
1T18	2.245,6	1,6	17,0	5,4	1.630,8	1,3	12,3	5,0
2T18	2.301,9	1,9	17,0	5,4	1.699,6	2,2	12,4	-0,9
3T18	2.287,6	1,3	18,6	1,1	1.699,6	0,9	13,5	0,7
4T18	2.417,6	-0,4	19,0	-0,4	1.815,9	-0,5	14,2	-0,5
1T19	2.318,0	3,2	17,3	1,8	1.863,0	3,2	12,4	1,8
2T19	2.400,3	4,3	18,4	7,0	1.777,0	4,6	13,6	9,6
3T19	2.360,5	2,8	19,2	3,7	1.712,7	2,8	14,0	3,7
4T19	2.533,5	4,8	19,8	4,2	1.896,2	4,4	14,8	3,9
1T20	2.324,5	0,3	18,0	4,0	1.693,3	1,8	13,1	5,6
2T20	2.264,8	-5,6	20,6	11,9	1.668,8	-6,1	15,2	11,4
3T20	2.307,8	-1,8	19,3	0,3	1.693,4	-1,1	14,2	1,0

Fonte: INE (Encuesta trimestral de coste laboral)

por persoa traballadora e mes, des censo menor en -3,3 puntos porcentuais á media española. Tal e como sucede co custo laboral, trátase do segundo descenso consecutivo logo do rexistrado no 2º trimestre

Nos custos por hora efectiva en taxa anual, e a diferenza do que sucedeu no anterior trimestre, os valores rexistrados en Galicia e en España amosan unha maior diverxencia, con crecementos modestos en Galicia (0,3% para o custo laboral e 1,0% para o salarial) e máis intensos en España (do 40% nos dous casos),

Sociedades constituídas, disolvidas e ampliacións de capital

Sociedades mercantís creadas ou que amplían capital, 4º Trimestre 2020

	Dato do trimestre		Var. absoluta núm. sociedades constituídas respecto ao trimestre pasado	%variación de capital respecto ao trimestre pasado	Var. absoluta núm. sociedades respecto ao mesmo trimestre do ano pasado	%variación de capital respecto ao mesmo trimestre do ano pasado
	Núm. sociedades	Capital (miles €)				
Sociedades constituídas	875	180.991,4	73	-63,3%	-34	81,8%
Sociedades que ampliaron capital	257	124.636,7	11	-33,4%	-24	-51,9%

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

fan en números que non acadan o -10% en ningún dos dous parámetros. O capital invertido diminúe para todos os intervalos de referencia, tanto trimestrais como ano a ano, coa excepción do capital das sociedades constituídas en termos interanuais, caso no que compre sinalar que os valores para o último trimestre de 2019 foron anormalmente baixos.

O análise mes a mes do acontecido en 2020 no que atinxe a sociedades constituídas e disolvidas, así como as que ampliaron ou reduciron capital durante cada mes. amosa valores anormalmente baixos para o mes de abril e, en menor medida, os meses de maio e xuño, mentres que, segundo avanza o ano, o número de empresas inmersas en estes procesos vai achegándose pouco a pouco a valores máis acordes cos rexistrados en anos anteriores

Sociedades mercantís disolvidas, que reducen capital ou en situación concursal, 4º Trimestre 2020

	4T20	3T20	4T19
Sociedades disolvidas	414	223	413
Sociedades que reduciron capital	73	48	74
Sociedades en situación concursal	75	53	72

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

No 4º trimestre de 2020 o número de empresas disolvidas, en situación concursal ou que reducen capital incrementáronse respecto do trimestre anterior, e foron moi similares aos rexistrados no 4º trimestre de 2019. Así, mentres que o número de empresas disolvidas no trimestre foi superior ao das que o fixeron en 2019 nun 86%, foi case idéntico ao do mesmo trimestre do ano pasado. O mesmo sucedeu coas empresas que reduciron capital, onde o incremento intertrimestral foi do 52%. En canto as empresas que foron a concurso de acredores, incrementáronse no 42% no trimestre, e no 4% respecto do mesmo trimestre de 2019. Ademais, rexistráronse seis procesos de escisión de empresas ,tres máis que no pasado trimestre, e tamén tres máis que no último de 2019, mentres que os procesos de fusión foron 18, tan só dous máis que no pasado trimestre, e os mesmos que no 4º trimestre de 2019.

Actividade do Consello Galego de Relacións Laborais

Durante 2020 tiveron entrada no Consello Galego de Relacións Laborais 81 solicitudes de mediación ou arbitraje ao abeiro do AGA. Entre aquelas xa rematadas que foron aceptadas polas dúas partes en conflito, a porcentaxe de acordo acadada foi do 75,0%. Así mesmo, e seguindo coa función de apoio á negociación colectiva que este Consello ten encomendada, acadouse a sinatura de diversos convenios colectivos de sector entre os que teñen a súa sede negociadora no Consello: Eventos e Producións Culturais de Galicia e Empresas Organizadoras do Xogo do Bingo.

No exercicio da función consultiva sobre normativa laboral, conferida a este Consello pola súa Lei reguladora, ao remate de 2020 emitíronse 55 ditames.

No último trimestre de 2020 clausurouse a III Edición do Curso de Formación en Negociación Colectiva e Individual no Ámbito Laboral e realizáronse cursos formativos dirixidos a persoas mediadoras e cadros empresariais e sindicais sobre Inmersión dixital para procedementos online e telemáticos en negociación laboral (2 edicións) e un curso formativo sobre o novo texto do AGA.

Así mesmo, durante este trimestre desenvolvéronse os seguintes webinaros e xornadas web: *Tardes de Actualidade Laboral* (10 xornadas), *Problemas actuais en materia de xornada de traballo*, *A nova regulación do traballo a distancia e a desconexión dixital*, *As plataformas dixitais como nova realidade no mundo do traballo* e *A nova normativa en materia de Igualdade: os RD 901/2020 e 902/2020*.

Pode consultar información máis específica da situación da negociación colectiva galega no Boletín da Negociación Colectiva deste Consello:

<https://www.cgrl.gal/publicacions-2/negociacion/boletin-do-observatorio-de-negociacion-colectiva/>

Consello Galego de Relacións Laborais

<https://www.cgrl.gal/publicacions-2/sociolaboral/boletins/>

Algalia de Abaixo, 24 - 15781 Santiago de Compostela

Teléfono 981 541 602 - Fax 981 541 610

